

# **Foro de debate sobre a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias**

**Consello da Cultura Galega**

Santiago de Compostela,

29-30 de xuño de 2017



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



## Foro de debate sobre a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela, 29-30 de xuño de 2017

### Conclusións xerais

---

1. A *Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias* (en diante, Carta), como tratado internacional sobre protección e promoción das linguas rexionais ou minoritarias, precisa unha maior divulgación social e, asemade, un maior recoñecemento institucional.
2. Por vez primeira, representantes de todas as linguas faladas nas distintas Comunidades do Estado (oficiais e non oficiais) xuntáronse, en Santiago de Compostela, para abordaren a situación de cada unha respecto do cumprimento dos compromisos subscritos polo Goberno español.
3. O Foro abordou os avances, os estancamentos e os retrocesos constatados no día a día polas comunidades de falantes, desde o último informe emitido polo Comité de Expertos (2010-2013) e as recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa.
4. Respecto das linguas non oficiais —amazige, árabe ceutí, aragonés, asturiano, caló, catalán (Aragón e Murcia), fala (Estremadura), galego (Asturias mais Castela e León), leonés e portugués (Estremadura) e éuscaro nas zonas de Navarra en que non é oficial:
  - a. Constátase a necesidade extrema de protección e promoción a partir dunha política lingüística ben estruturada que inclúa o establecemento da oficialidade, condición indispensable para a súa supervivencia.
  - b. Púxose de manifesto que, en situacións lingüísticas e sociais análogas, cidadáns do Estado español ven incumpridos os seus dereitos constitucionais en materia de lingua por pertenceren a comunidades autónomas diferentes.
5. Sobre as linguas oficiais —aranés, catalán (Cataluña, Illas Baleares e País Valencián), éuscaro (zona vascófona de Navarra e País Vasco) e galego (Galicia)— o Foro:
  - a. Puxo de manifesto que as principais eivas detectadas no IV informe do Comité de Expertos (2010-2013) aínda se manteñen e, nalgúns casos, empeoraron.
  - b. Constatou que hai un desaxuste entre o comportamento do Goberno central e o das comunidades autónomas. Sinalouse, moi claramente, que os organismos dependentes da Administración central do Estado e do Goberno de España non asumen como causa propia a defensa e a promoción da diversidade lingüística a que os obrigan os compromisos adquiridos coa ratificación da Carta. Os avances, grandes ou pequenos, que se teñen producido débense ás actuacións dos gobernos autonómicos ou locais, de acordo ao seu ámbito competencial.
  - c. Detectou que hai diferenzas notables entre comunidades autónomas no cumprimento dos compromisos respecto das linguas oficiais, especialmente graves nos artigos 8 (educación) e 11 (medios de comunicación). Igualmente, hai diferenzas notables entre falantes dunha mesma lingua en distintas comunidades autónomas.
6. É mester establecer de xeito periódico un espazo de traballo para avanzar na creación dunha sociedade que acepte como feito enriquecedor a súa diversidade lingüística e para contribuír na consecución dos compromisos adquiridos polo Goberno central.

### AMAZIGE EN MELILLA

#### (Mohand Tilmatine)

- Na elaboración dos informes estatais, cómpre abordar todas as cuestións propostas polo Comité de Expertos encargado da monitorización do cumprimento dos compromisos adquiridos coa ratificación da Carta.
- A lingua amazige carece de visibilidade ou presenza institucional (xustiza, educación, sinalética, etc.). Xa que logo, é preciso lexitimala nos usos públicos.
- Melilla carece dunha organización especificamente encargada do seguimento da política lingüística.
- En Melilla adóitase recorrer á relixión como trazo identitario da poboación melillesa autóctona, de orixe norteafricana, identificándoa como «musulmá, o que provoca unha segregación/oposición «poboación europea, cristiá» vs «poboación musulmá». A asimilación, consciente ou inconsciente, dos musulmáns melilleses ao resto dos musulmáns ten efectos directos sobre as actitudes, os comportamentos e as lealdades institucionais ou internacionais. Por iso, recoméndase apostar sobre todo pola lingua amazige como marcador e como referencia identitaria no canto do islam.

### ÁRABE CEUTÍ

#### (Francisco Moscoso)

- O árabe ceutí debería de contar cun recoñecemento no Estatuto de Autonomía de Ceuta. Esta lingua atópase nunha situación de minorización e perigo, dado o escaso, por non dicir nulo, interese da Administración española en xeral e ceutí en particular, que alenta e promove o monolingüismo militante, considerando o árabe ceutí como unha lingua de inmigrantes, non tradicional e vista como a lingua do inimigo, Marrocos. Por conseguinte, cómpre o cumprimento de todos os puntos do artigo 7 para a súa salvagarda.
- É preciso garantir a presenza do árabe ceutí nos medios de comunicación, na Administración e no sistema educativo.
- Debe crearse unha Academia do árabe ceutí cos seguintes obxectivos:
  - Constituír un comité de expertos que inicie a codificación e normalización desta lingua, seguindo o exemplo de propostas académicas feitas para outras linguas árabes nativas.
  - Promover o estudo do árabe ceutí entre os monolingües, no Instituto de Linguas, na Educación e na Administración.
  - Fomentar o estudo desta lingua no Departamento de árabe creado no Instituto de Estudos Ceutíes.
  - Concienciar a Facultad de Educación, Economía y Tecnología de Ceuta para que inclúa o seu estudo nos plans de estudos dos futuros profesores de primaria e secundaria.

### ARAGONÉS EN ARAGÓN

#### (Anchel Reyes)

- En Aragón comezáronse a dar pasos positivos para a lingua aragonesa a partir de 2015 coa creación da Dirección General de Política Lingüística. É necesario profundar nestes avances de forma constante nas seguintes lexislaturas, xa que a inacción institucional durante estes 25 anos resultou no incumprimento reiterado da Carta por parte do Goberno de Aragón e nunha perda constante de falantes patrimoniais.

- En primeiro lugar, o recoñecemento legal do aragonés na Lei de patrimonio cultural 3/1999 tense que facer extensivo á Lei de linguas 3/2013, que nun futuro terá que preparar as institucións para instaurar a cooficialidade do idioma a través do Estatuto de Autonomía (como garantía plena dos dereitos lingüísticos dos falantes). En segundo lugar, débese establecer unha zonificación oficial ampla que teña en conta a cidade de Zaragoza para garantir a aplicación de políticas lingüísticas no territorio onde se fala. En terceiro lugar, as institucións deben potenciar o uso oral e escrito da lingua a través de medios clave, como a radio e a televisión públicas, así como fomentar campañas de concienciación sobre o patrimonio lingüístico destinadas a desterrar os prexuízos lingüísticos da maioría castelanfalante de Aragón.
- No eido educativo é necesario garantir o dereito de aprender aragonés dentro do horario escolar e implantalo paulatinamente como lingua vehicular naqueles centros públicos que o soliciten. Neste mesmo sentido, débese profesionalizar o ensino de aragonés para adultos, realizado maioritariamente por asociacións e entidades sen ánimo de lucro. O ensino é a primeira prioridade para esta lingua debido aos altos índices de ruptura da transmisión interxeracional que a ameazan.
- O fomento da investigación e da relación con outras comunidades lingüísticas minorizadas son outras dúas claves nas que profundar para chegar ao obxectivo do cumprimento da Carta.
- É mester xerar consensos sociais e políticos que lles permitan ás institucións actuar de forma constante e decidida para garantir os dereitos dos falantes e salvagardar este patrimonio inmaterial en perigo de desaparición.

## ARANÉS EN CATALUÑA

### (Francesc Xavier Lamuela, María Vergés Pérez)

- O aranés, occitano falado no Val de Arán, atópase nunha situación de fragilidade extrema. Mentres que en 2008 o 23,4 % dos habitantes do val consideraba que esta era a súa lingua habitual, en 2013 só o fixo o 17,6 %.
- No ámbito das escolas infantís, cómpre que a regulación da Generalitat de Catalunya se axuste á realidade dos municipios pois, ao recaer a xestión sobre os concellos, ocasiónanse desaxustes en canto ao persoal laboral que debe coñecer a lingua.
- Confírmase a inhibición do Estado das actividades de promoción lingüística así como as súas actitudes negativas nos aspectos mencionados para o resto das linguas, con resultados particularmente graves na Administración de Xustiza.
- No relativo á política lingüística da Generalitat de Catalunya e do Conselh Generau d'Aran, constátase unha certa vitalidade nas actividades culturais e unha posición relativamente boa do ensino. Mais, exceptuando a continuación das políticas anteriores de difusión do coñecemento da lingua e as iniciativas no campo da cultura, a política lingüística é na actualidade inexistente. Aínda non se desenvolveu a Lei catalá 35/2010, do occitano, aranés en Arán, e non existe ningún plan de política lingüística formalizado e coherente. A falta de formación de profesionais atinxe os diversos campos de actividade e comezou a ser sensible no ensino. Na Administración, un uso aceptable do aranés dáse só a nivel local. A presenza do aranés nos medios de comunicación é marxinal. Total ausencia de calquera forma de promoción do aranés no ámbito socioeconómico.
- Por todo o sinalado, urxe:
  - O desenvolvemento sistemático da Lei catalá 35/2010.
  - Un plan organizado de política lingüística que comporte a formación de profesionais dos diferentes ámbitos e a intervención no ámbito socioeconómico.
  - O establecemento de acordos coas rexións francesas do territorio occitano, co ánimo de realizar accións conxuntas de política lingüística, particularmente nos campos do ensino, dos medios de comunicación e da elaboración da lingua.

## ASTURIANO EN ASTURIAS

(Carlos Pulgar García)

- Non hai respecto ás áreas do idioma nin se manteñen relacións institucionais con outros grupos.
- Non hai ningunha acción resolta de promoción do asturiano co obxectivo de salvalo, só medidas cosméticas de certa promoción de determinadas actividades culturais. Non se facilita, de ningún xeito, o uso oral / escrito do asturiano por parte dos cidadáns coa Administración, nin o uso transversal na mesma Administración.
- No ámbito educativo, a presenza é parcial e precaria. O asturiano está presente só como optativa en primaria e secundaria. Non está regulada a súa presenza nin en infantil nin nas escolas oficiais de idiomas, nin no ensino de adultos. Na universidade só está presente nun *minor*. Tampouco hai medios para a aprendizaxe do asturiano entre os non falantes; o labor neste campo vén de asociacións sociais.
- Hai exclusión no uso do asturiano na Administración. Trátase dunha administración pensada e concibida 100 % en castelán; o uso do asturiano «tolérase» só en condicións moi determinadas e tematizadas.
- A convivencia entre grupos lingüísticos é boa, aínda que as autoridades non fan nada para fomentala. Os medios públicos tamén non fan nada neste sentido.
- As autoridades públicas teñen unha receptividade baixa ou nula ás demandas da comunidade lingüística. Non existen órganos de mediación a nivel autonómico.
- Con este panorama, hai unhas prioridades urxentes:
  - O establecemento da igualdade xurídica para as persoas falantes de asturiano; isto é, a oficialidade. Só sendo lingua cooficial, a comunidade lingüística asturiana vai poder ter os mesmos dereitos ca os falantes de castelán en Asturias.
  - O establecemento dun sistema educativo que asegure o coñecemento do asturiano a todos os discentes ao rematar o período obrigatorio. Para iso, é fundamental o uso vehicular do idioma no ensino.
  - O establecemento duns medios de comunicación públicos 100 % en asturiano. Con, polo menos, unha canle de TV, unha radio e unha plataforma dixital que estean ao servizo da normalización lingüística.
  - O uso transversal e sistemático do asturiano na Administración.
  - Finalizar o proceso de oficialización da toponimia e aplicala sistematicamente en todos os soportes.
  - Medidas especiais que favorezan a transmisión interxeracional (na escola, coa programación infantil na TV, nos ámbitos de socialización e lecer, etc.).

## CALÓ (ROMANÓ)

(Juan F. Gamella)

- O caló ou romanó é un idioma mixto creado polos xitanos ou calei españois combinando un léxico derivado do romaní coa gramática de linguas maioritarias como o castelán, o catalán ou o éuscaro. A súa xeración seguramente foi paralela á erosión e desaparición das variedades completas de romaní faladas na Península Ibérica.
- Tecnicamente o caló é unha lingua pararromaní e non unha variante do romaní. Unha lingua non-territorial minoritaria. Na ratificación da Carta, diversos países con destacadas minorías romanís foron incluíndo de forma crecente o «romaní dos Sinti e romá alemán» (Alemaña, 1998), a «romani chib» (Suecia, 2000), o «romanés» (Finlandia), o idioma «romá» (Chequia, 2006), «romani» (Hungría, 2008) ou «romaní» (Romanía, 2008) como linguas que respectar, protexer e promocionar.
- Con todo, ningún Estado se referiu de forma específica ás variantes pararromanís como dignas de protección. ¿Que facer entón para protexer estas linguas, seguramente entre as máis agónicas e ameazadas de todas as que

existen en Europa e que son usadas precisamente por grupos especialmente vulnerables e excluídos? ¿Incluílas dentro da protección e promoción da lingua romaní nalgunha das súas formas? ¿Tentar ligar a recuperación do hispanorromaní co crecente recoñecemento e expresión da vitalidade das variedades romanís na vida pública europea e nos medios de comunicación? ¿Ofrecer en centros académicos e medios de comunicación unha maior presenza destas linguas? ¿E na vida institucional?

- A propia Carta recomenda que se coñezan e atendan «as necesidades e os desexos expresados polos grupos que practiquen esas linguas» (artigo 7.5). Algúns órganos que poden «aconsellar ás autoridades» sobre estas cuestións xa existen tanto en España (Consejo Estatal del Pueblo Gitano, Instituto de Cultura Gitana) coma en Europa (European Academic Network on Romani Studies, European Roma Institute for Arts and Culture). ¿Debería avanzarse neste sentido, coñecendo mellor as realidades presentes e as posibilidades de recuperación, recoñecemento e expresión do hispanorromaní na comunicación pública e na educación?
- Na recuperación do hispanorromaní será imprescindible contar coa existencia de falantes nativos de romaní en España, así como coa enorme experiencia e competencia acumulada no estudo e promoción desta lingua en toda Europa, da que xa se comeza a ver reflexo en España, como o programa de iniciación de estudo de romaní en castelán («Sar san? ¿Cómo estás?», Jiménez e Cañadas 2012). A Carta ofrece un claro soporte neste sentido, no seu artigo 7.1.i cando insta os Estados asinantes a favorecer «a promoción de formas apropiadas de intercambios transnacionais» para as linguas «minoritarias practicadas baixo unha forma idéntica ou próxima en dous ou varios Estados».

## CATALÁN EN ARAGÓN

**(Javier Giralt Latorre)**

- Incorporar a denominación de catalán no Estatuto de Autonomía de Aragón no artigo 7, onde se fala das «linguas e modalidades lingüísticas» da rexión. Esta é a única maneira de dotar a lingua catalá dun recoñecemento e un prestixio social que nunca tivo. Isto evitaría, ademais, que quede ao arbitrio dos políticos a elección do nome da lingua falada na Franxa.
- Declarar a cooficialidade do catalán en Aragón. Esta medida faría posible idear unha política e unha planificación lingüísticas decididas, co fin de normalizar o uso do catalán na Franxa.
- Establecer unha escolarización en catalán nos centros educativos da Franxa, ou polo menos un ensino obrigatorio desta lingua cun número de horas de docencia idéntico ao do castelán ou o inglés. Desta forma poderase fomentar realmente o uso oral e escrito do catalán en todos os ámbitos, ao tempo que se logra que as novas xeracións sexan competentes no uso do catalán nas catro destrezas comunicativas.
- Levar a cabo un profundo labor pedagóxico en relación coa realidade lingüística de Aragón, co fin de informar a toda a sociedade aragonesa de que na súa comunidade autónoma existe unha zona na que se fala catalán. Só así se poderá conseguir que paseniñamente os aragoneses tomen conciencia dun feito lingüístico innegable e mostren sensibilidade cara a el. Nesta tarefa débense implicar todas as institucións aragonesas, así como todos os centros de ensino (públicos e privados) e os medios de comunicación.

## CATALÁN EN CATALUÑA

**(Eva Pons, F. Xavier Vila i Moreno)**

- A lingua catalá é a que conta con máis falantes entre as protexidas pola Carta (excluídas aquelas LRoM que son á vez oficiais doutro Estado europeo), e goza dun status oficial en Cataluña, na Comunidade Valenciana —co nome de valenciano— e nas Illas Baleares. Esta posición singular exprésase na vitalidade actual da lingua nos ámbitos cubertos polas partes II e III da Carta. Esta vitalidade, porén, pode ser ameazada no futuro se a Carta non se aplica coherentemente.

- En canto ao artigo 7, os principios da Carta non son respectados polo Estado español, que non só permite ataques virulentos no discurso público e nos medios á lingua catalá, senón que legisla —sempre e de maneira crecente en sectores estratéxicos— a favor do uso da lingua estatal. Non se observan adiantos significativos en canto á promoción das relacións entre os catalanfalantes residentes en distintas comunidades autónomas, a pesar dos cambios de goberno en Aragón e Valencia.
- Na educación (artigo 8), malia o éxito logrado na bilingüización do alumnado, obsérvanse dificultades de aprendizaxe do código escrito e de coloquialización da lingua catalá entre os estudantes non nativos, que limitan a extensión dos usos interpersoais (artigo 7.1.d). A xudicialización e conflitivización do modelo lingüístico escolar —dotado dun amplísimo apoio social— por mor da STC 31/2010 (sobre o Estatuto de 2006) obrigan a 12 escolas catalás a separarse do seu proxecto lingüístico e á Generalitat a sufragar a escolarización privada de 39 familias. No nivel universitario, a aplicación de plans de multilingüismo para promover o uso de linguas estranxeiras provoca, na práctica, un retroceso do catalán a favor do castelán e nalgúns casos do inglés.
- Na xustiza (artigo 9), os incumprimentos da Carta perpetúanse e a situación do catalán empeora: do 12,4 % de sentenzas en catalán (2013) báixase a un 8,5 % (2016). O rexeitamento do Parlamento estatal fixo fracasar as propostas de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial (2013, 2014 e 2016) destinadas a permitir que os procesos xudiciais se dirixan en catalán cando o solicita unha das partes. O Goberno de Cataluña, a pesar das súas competencias limitadas, intensifica as iniciativas para fomentar o uso do catalán na xustiza (incentivos para o persoal interino e os avogados, formación, tradución, etc.), aínda que a pouca colaboración dos órganos estatais e de parte de certos sectores castelanizados dos avogados reduce o efecto práctico.
- En canto ás administracións estatais (artigo 10), a situación de incumprimento detectada en canto aos usos e á capacitación do persoal mantense coa nova lexislación xeral (Leis 39/2015 e 40/2015). O Defensor das Persoas e a Oficina de Garantías Lingüísticas recolleron numerosas infraccións dos dereitos lingüísticos dos catalanfalantes; as máis graves afectan á actuación da Garda Civil. Nas administracións autonómica e local, a STC 31/2010 favorece interpretacións restritivas dos tribunais ordinarios ante normas infralegais que regulan o uso do catalán, a pesar de que os efectos son limitados.
- En canto aos medios de comunicación (artigo 11), a lexislación e as normativas estatais son moi centralizadoras e favorecen a castelanización dos medios audiovisuais. En Cataluña, a audiencia da televisión en catalán caeu en 2017 por baixo do 20 %. No resto dos territorios catalanófonos, onde os poderes públicos limitan a recepción das canles en catalán, a audiencia é aínda máis baixa, e na Comunidade Valenciana non se recibe actualmente ningunha televisión en catalán.
- Nos sectores culturais (artigo 12) e socioeconómicos (artigo 13), as políticas despregadas polo Goberno catalán axudan ao cumprimento da Carta. Pola contra, a interpretación estatal do principio de unidade de mercado a miúdo impide o cumprimento da Carta, por exemplo nas impugnacións do Código de Consumo Catalán, que prevé a dispoñibilidade lingüística, ou a Lei do Cinema, que busca reequilibrar a oferta de cinema en catalán. Ademais, é motivo de preocupación a situación da lingua no ámbito sociosanitario e de atención social. Os datos da Enquisa de Usos Lingüísticos mostraron que entre 2003 e 2013 se reduciu en máis de 400.000 o número de persoas que usan maioritariamente ou exclusivamente o catalán cos médicos, a causa sobre todo da entrada masiva de profesionais provenientes do resto do Estado e do estranxeiro sen unha formación lingüística axeitada. O catalán, ademais, está practicamente ausente da información farmacéutica.

## CATALÁN NAS ILLAS BALEARES

(Bernat Joan i Marí, Joan Meliá Garí)

- Á hora de valorar o cumprimento dos compromisos asumidos por España, cómpre ter en conta os obxectivos xerais que perseguen e que continúan vixentes, máis que as medidas concretas que se explicitan para conseguilos e que, debido aos cambios de todo tipo producidos nos 25 anos transcorridos desde que se aprobou a Carta, necesitan ser actualizadas.



- A despreocupación dos organismos do Estado co cumprimento dos compromisos asumidos na ratificación da Carta a favor das linguas rexionais ou minoritarias propias dos varios territorios integrados no Reino de España provoca que os cidadáns pertencentes á mesma comunidade lingüística vexan tratados de maneira moi diferente os seus dereitos lingüísticos segundo en que comunidade autónoma estea integrado o territorio en que viven; e, ademais, é causa de contradicións na aplicación da política lingüística das comunidades autónomas segundo as forzas políticas que gobernan en cada momento (como se pode ver nas alternativas en Baleares desde o 1999 á actualidade).
- Nas Illas Baleares, as medidas favorables á lingua catalá que se tomaron no ámbito do ensino, valoradas noutros informes polo Comité de Expertos, foron cuestionadas e interferidas durante as lexislaturas 2003-2007 e 2011-2015, por razóns políticas e electoralistas máis que pedagóxicas. A inestabilidade que estas flutuacións provocan afecta negativamente á eficacia do ensino, e non soamente no aspecto lingüístico.
- O obxectivo da poliglotización dos escolares non pode entrar en contradición coa consolidación do coñecemento da lingua catalá, tanto para os de orixe catalanófono como para os que teñen outras linguas familiares. Fai falta que as propostas neste ámbito non se baseen na demagogia, senón na efectividade e no sentido común.
- Os medios de comunicación de ámbito estatal, tanto os de xestión privada coma os públicos, teñen que responder á realidade plurilingüe e que fomentar o respecto, contrariamente ao que acontece regularmente nestes medios.
- Cómpre incrementar a oferta de produción audiovisual en lingua catalá, tanto nos medios públicos coma nos medios privados. Unha primeira medida neste sentido sería asegurar a recepción de todos os medios en catalán públicos e privados en todas as comunidades autónomas en que hai territorios de lingua catalá.
- No ámbito da xustiza non se cumpren os compromisos adquiridos polo Estado en case ningún caso e os cidadáns que queren ver respectados os dereitos que a Carta reconece, ao reclamárenos, atópanse con moitas dificultades, e incluso con ameazas máis ou menos explícitas. Isto mesmo prodúcese nas relacións da cidadanía coas forzas de seguridade, sobre todo cando se trata de corpos estatais.
- No campo da sanidade, as dificultades para ser atendidos en lingua catalá son constantes. Non se chegan a adoptar medidas relativas ao coñecemento da lingua catalá por parte dos profesionais, necesario para poder avanzar cara ao logro dos obxectivos comprendidos na Carta.

## ÉUSCARO (Xeral)

### (Alberto Barandiaran, Eduardo Javier Ruiz Vieyetz, Garbiñe Petriati)

- O éuscaro é unha lingua non indoeuropea falada hoxe en día por case un millón de persoas nos territorios históricos de Biscaia, Araba, Guipúscoa e Navarra (Reino de España) e no territorio da Mancomunidad Pays Basque (República Francesa). Goza de status oficial no territorio da Comunidade Autónoma do País Vasco e na chamada «zona vascófona» da Comunidade Foral de Navarra, que abarca o terzo noroccidental do seu territorio.
- Polo que atinxe ao cumprimento da Carta respecto ao éuscaro no Estado español, é irregular e asimétrico, en función dos diferentes artigos da Carta e das administracións implicadas na súa aplicación.
- Os principios xerais do artigo 7 cúmprense só limitadamente respecto da lingua vasca. É esixible ao Estado español a aceptación sincera da súa realidade plurilingüe, a valoración da diversidade lingüística polo conxunto das institucións e da cidadanía española e mais a eliminación das divisións administrativas e territoriais que impiden o correcto desenvolvemento dunha lingua minoritaria como o éuscaro; isto afecta particularmente á situación na Comunidade Foral de Navarra, onde segue vixente una «zonificación lingüística» lexislativa que restrinxe os dereitos de moitos falantes de vasco e que debería ser eliminada, estendendo o carácter oficial da lingua ao conxunto do territorio ou, polo menos, á súa capital, na que residen e operan a maior parte dos axentes públicos e privados.

## ÉUSCARO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DO PAÍS VASCO

(Alberto Barandiaran, Eduardo Javier Ruiz Vieitez)

- No ámbito educativo, pódese afirmar que a presenza do éuscaro hoxe está razoablemente garantida, aínda que se observan incumprimentos e insuficiencias en ámbitos como a formación profesional ou de adultos.
- Na Administración de Xustiza, a presenza do éuscaro segue sendo residual e incúmprense claramente os compromisos adquiridos polo Estado español coa ratificación da Carta. A Lei Orgánica do Poder Xudicial é, na súa redacción actual, incompatible coa Carta e, en consecuencia, debería ser modificada ou inaplicada en tales apartados.
- Respecto das administracións públicas na Comunidade Autónoma, producíronse importantes avances en varios sectores dependentes das administracións autonómica, foral ou municipal, aínda que segue habendo atrasos importantes na garantía dos servizos en éuscaro por parte da Sanidade pública ou da Ertzantza. Nos ámbitos dependentes da Administración Xeral do Estado, a situación é manifestamente peor e ordinariamente incúmprense os compromisos escritos na Carta.
- O éuscaro dispón dunha rede mínima de medios de comunicación que implican o cumprimento do artigo 11 da Carta, mais estes medios están sometidos a unha enorme presión nunha situación de gran desequilibrio lingüístico. As distintas administracións públicas deberían incrementar os recursos destinados a fomentar os medios en éuscaro, do mesmo xeito que as actividades culturais de todo tipo. Na mesma liña, as políticas de promoción do uso do éuscaro nos ámbitos económicos e sociais deberían ser moito máis intensas e incluír, de ser o caso, medidas sancionadoras cando as prestacións mínimas non se garanten nesta lingua.

## ÉUSCARO EN NAVARRA

(Alberto Barandiaran, Garbiñe Petriati)

- A situación do éuscaro na Comunidade Foral de Navarra reflicte as mesmas limitacións e obstáculos referidos para a Comunidade Autónoma Vasca, mais agravados polos efectos da zonificación e os resultados de longos anos de políticas institucionais remisas á normalización desta lingua propia de Navarra.
- Urxe a desaparición das divisións administrativas que provocan diferenzas notables entre falantes dunha lingua rexional ou minoritaria na mesma comunidade autónoma. Polo tanto, cómpre defender a aplicación da Carta en toda Navarra cunha interpretación literal do instrumento de ratificación (aspecto que, aínda que pode ter moito sentido, evidentemente non é o que se está a facer).
- Mentres esa circunstancia non se produza, a parte II da Carta debe aplicarse nas zonas de comunidades autónomas onde, por razón de zonificación lingüística, a lingua goza de carácter propio pero carece de oficialidade, como é o caso do éuscaro en boa parte de Navarra.

## FALA EN ESTREMADURA

(Tamara Flores)

- Non existe recoñecemento estatutario da Fala. O único recoñecemento legal é unha declaración BIC do ano 2001.
- Ausencia total de información por parte da Junta de Extremadura. Este silencio é extensible a peticións de diversa índole tramitadas por concellos e asociacións a organismos públicos, no período 2014-2016, como Presidencia, Consejería de Educación y Cultura ou Consejería de Fomento, Vivienda, Ordenación del Territorio y Turismo.
- As informacións que aparecen no cuarto informe estatal son, todas elas, altamente cuestionables. A introdución no sistema educativo do programa «A Fala na escola» é inexistente: só se subvencionou un «Taller de Lengua», ao que lle foi retirada tal subvención ao ano seguinte a pesar de contar cun 100 % de inscritos.

Respecto á creación do Museu da Fala, só foi rematada a reforma do edificio. Non existe ningunha programación nin consignación orzamentaria para as súas supostas funcións.

- Todas as iniciativas relacionadas co artigo 7 no período 2014-2017 foron levadas a cabo por asociacións culturais ou por particulares, sen apoio económico, loxístico ou humano. Contémplanse certas medidas no Plan de Acción do recente Parque Cultural Sierra de Gata (no programa educativo e no programa científico). Este parque conta co apoio institucional da Diputación de Cáceres.

## GALEGO EN ASTURIAS

(Carlos Xesús Varela Aenlle)

- Non existe unha protección real do galego de Asturias por parte do Goberno do Principado de Asturias. A Lei de Estatuto de Autonomía só contempla o «bable». A Lei de Uso e Promoción do Bable/Asturiano de 1998 fala dun réxime de protección, respecto, tutela... que se espallará ao galego/asturiano nas zonas nas que ten carácter de modalidade lingüística propia. Advírtase que esta lei só fala do asturiano como lingua propia de Asturias e nunca do galego, que só aparece como «modalidade» (non se sabe ben de cal lingua), e mais que se usa intencionadamente o glotónimo «fala», que non indica nada. Esas zonas lingüísticas non están definidas por parte do Goberno asturiano e, deste xeito, podemos atopar como se dan clases de lingua asturiana en territorio galegofalante —como en Verducedo (Allande) ou Luíña (Ibias)—, do mesmo xeito que a sinalética do Principado aparece en asturiano en lugares tan dispares como A Veiga, Valdebois (Ibias), El Valledor (Allande), por citar tan só uns poucos exemplos.
- Seguindo o artigo 7 da Carta, relativo ao fomento do galego de Asturias, na política de subvencións non é posible deslindar oficialmente a porcentaxe que vai para o asturiano e a que vai para o galego de Asturias. Por outra banda, os resultados non deixan de ser un mero lavado de cara á galería por parte do Goberno do Principado.
- O parágrafo 7.1.e é claramente violado polo Principado e da Academia de la Llingua Asturiana (ALLA), ao non existir ningún tipo de relación institucional dos galegofalantes do Eo-Navia co resto dos territorios de lingua galega; cando se dan a nivel social ou cultural, son totalmente dinamitados polo Goberno, a ALLA e certas institucións asturianas.
- No punto 7.1.f, advírtese a inexistencia dunha política lingüística determinada para a comarca do Eo-Navia. A ALLA posúe unha Secretaría totalmente inoperante e logo existen unhas Oficinas de suposta Normalización Lingüística (Parque Histórico del Navia, Mancomunidade Ozcos-Eo), sen criterios uniformes nin científicos. No ensino a falta de material é palpable, sen unidades didácticas axeitadas, copiadas do asturiano e ás veces do galego. Para dar clases precísase un cursiño de 40 ou 60 horas impartido pola ALLA segundo as fases e ser licenciado en Filoloxía preferentemente. A materia é optativa, compite con outras segundo os centros e non hai posibilidade de elixila en todos eles. Se seguimos ascendendo na oferta educativa, non existe ningún curso, materia nin grao de galego na Universidade de Uviéu, nin en Maxisterio, nin nas escolas oficiais de idiomas. Non existen programas en galego de Asturias na TPA (magnífica excepción de *Camín de Cantares*, por iniciativa particular do presentador Ambás), e en moitos programas prodúcese mesmo unha aculturización por parte do asturiano e do español realmente alarmante. Debería existir unha desconexión para o Eo-Navia, como se fai nalgúns programas da Televisión ORT de Navia. Tamén na RTPA se infrinxen os dereitos dos galegofalantes, pois son excepcións puntuais as intervencións en galego e sempre por iniciativas particulares ou de militancia lingüístico-cultural.
- A promoción de estudos e investigación é claramente insuficiente, moitas veces resultado tan só do altruísmo de asociacións e particulares. Non existe prensa nin revistas en galego de Asturias e os poucos libros subvencionados teñen que ser publicados obrigatoriamente coa normativa asturiana. Xa non falemos dos eidos institucionais (as webs do Principado non están nunca en galego), xudicial ou administrativo. Ás veces existen propostas que raramente se cumpren (Declaración da Veiga, solicitudes en San Martín de Ozcos e El Franco, etc.).

- Na cuestión da toponimia, existe unha Xunta Asesora de Toponimia del Principáu d'Asturies que marca as pautas dos topónimos tradicionais que se deben utilizar, pero sempre usando a grafía da lingua asturiana ou mesmo «oficializando» topónimos en español ou vulgarismos. Cabe pensar que, se o «galego-asturiano» non é oficial, ¿como poden ser oficiais estas formas toponímicas? Outro feito salientable é a suposta oficialización de topónimos conxuntos (Ría del Eo), coa que o Goberno do Principado está infrinxindo a oficialidade do topónimo Ría de Ribadeo referendada pola Comisión Xeográfica Nacional do Consello Superior Xeográfico, dependente do Ministerio de Fomento, do ano 2008.
- Pola parte galega, hai un claro desinterese pola cuestión. A Real Academia Galega (RAG) debería ter un maior compromiso co galego estremeiro, usando as armas legais que posúe. É inadmisíbel que para a avaliación da Carta sobre o galego de Asturias só estea no último informe (o IV, 2010-2013) a opinión da ALLA, tomada como única «institución científica de referencia...». A Xunta de Galicia declarou nos xornais que ía poñer unha Oficina para o galego estremeiro, mesmo o presidente Núñez Feijóo falou hai tempo da cooficialidade do galego de Asturias; e a RAG, da posta en marcha dun Seminario sobre o galego estremeiro: nunca máis se soubo da cuestión. Os medios xornalísticos seguen a usar a toponimia deturpada, de xeito grave na TVG e na RG; esta mesmo recibiu peticións de asociacións culturais da zona, mais négase á transmisión ou faino cun resultado totalmente acientífico (*Alalá, Luar*). Estes medios deberían incluír nos mapas do tempo as comarcas estremeiras como un feito de base cultural-lingüística clara e non política.
- É fundamental un maior entendemento entre os gobernos asturiano e galego en materia lingüística sobre o galego de Asturias, xa que Galicia parte dunha situación mellor en canto a materiais, normalización, etc., que inexplicablemente son rexeitados pola parte asturiana. E, por outra banda, cumpriría unha maior implicación dos organismos institucionais galegos, como a RAG, o Consello da Cultura Galega (máis proxectos ou publicacións sobre a comarca), as universidades galegas (a excepción sería a de Vigo e iniciativas particulares de membros da USC), a Xunta de Galicia, o Museo do Pobo Galego, o Arquivo do Reino de Galicia, as bibliotecas, etc. E a precisa introdución do galego na Universidade de Uviéu, en Maxisterio e nas escolas oficiais de idiomas, e mais unha delegación da TVG e RG para a comarca.

## GALEGO EN CASTELA E LEÓN

**(Héctor M. Silveiro Fernández)**

- Pola importancia que hoxe ten a educación para calquera lingua e o seu futuro, temos que advertir que a aplicación da LOMCE provoca problemas tanto nos territorios de lingua oficial como, especialmente, naqueles onde hai unha lingua non oficial (por exemplo, o galego en Castela e León). Os problemas son graves á hora de manter o Programa de Promoción do Galego no Bierzo, con oferta educativa íntegra e en pé de igualdade con outras optativas; concúlcanse así os dereitos lingüísticos destes falantes e incúmpranse as indicacións da Carta. Instamos a realizar unha revisión para a mellora e ampliación do Programa de Promoción do Galego que se está a aplicar nesta Comunidade.
- Nos territorios en que se fala unha lingua que non é oficial e que leva sufrindo durante décadas a perda de falantes (caso do galego en Castela e León), é necesario incorporar con carácter de urxencia iniciativas de promoción lingüística planificadas, que vaian máis aló do eido educativo, seguindo as recomendacións da Carta, e que tendan cara á oficialidade. Cómpre frear ese descenso, preservando espazos tradicionais de uso e abrindo á vez novos espazos máis aló do eido educativo, que por si só non é capaz de salvagardar a riqueza cultural existente hoxe en día.

## GALEGO EN GALICIA

**(Valentina Formoso, Xaquín Loredó, Alba Nogueira López, Xurxo Salgado, Elsa Quintas)**

- Sobre o artigo 8, cómpre mudar a lexislación derogando o Decreto 79/2010 (denominado Decreto do Plurilingüismo) para poder avanzar cara ao cumprimento dos compromisos acadados na Carta. Isto non quere

dicir que haxa que retomar exactamente o Decreto anterior (124/2007), responsable dos avances dos que se dá conta no III Informe para a avaliación da Carta (2006-2009), xa que o imaxinario existente sobre as linguas mudou entre a sociedade desde aquela, mais cómpre volver á ideoloxía normalizadora que tiña detrás e ao consenso que o promoveu.

- Promover o galego no ensino infantil (etapa que sufriu o maior impacto desde 2010). Partir dos avances producidos polos proxectos innovadores xa postos en práctica entre 2007 e 2009 e avaliados positivamente no informe III. Non se pode continuar tendo máis dun 90 % de escolas infantís en zonas urbanas nas que a lingua usada é o castelán. Córrese o risco, na actualidade, de que co novo proxecto Pluri-Infantil do Goberno o inglés xa non lle deixe ningún espazo ao galego.
  - Eliminar calquera prohibición arredor do galego como lingua vehicular para todas as materias nas diferentes etapas educativas. O galego ten que volver ser unha lingua na que se poidan explicar (e se expliquen) as matemáticas, a física ou a tecnoloxía, así como calquera outra materia. Para iso hai que contribuír á elaboración de materiais nesta lingua para todos os niveis educativos, incidindo na educación infantil e na formación profesional. Así mesmo, é necesario eliminar tamén os toques máximos establecidos na porcentaxe de emprego do galego como lingua vehicular.
  - Promover un plurilingüismo inclusivo, sen deixar fóra ningunha lingua e partindo sempre desde a propia de Galicia, isto é, do galego. Para iso é preciso mudar tanto a lexislación coma o discurso pernicioso que se estendeu desde o poder e que levou a asumir que o galego estorba para sermos máis modernos, máis competitivos e con máis futuro e para termos un éxito asegurado (algo que, nese discurso, só permite o inglés). Hai que avanzar cara ao Tratamento Integrado de Linguas en todos os niveis educativos, tendo sempre presente que hai que partir do galego e promoverlo de xeito adecuado, debido á súa situación de inferioridade.
  - Impulsar o uso do galego na educación técnica e profesional, promovendo a elaboración de léxicos temáticos específicos, así como a formación do profesorado destes ámbitos. Cómpre ligar estas accións cunha promoción da lingua no ámbito laboral.
  - Formar permanentemente o profesorado de forma axeitada, desde o punto de vista lingüístico (para que adquira ou manteña unha competencia axeitada) e desde o punto de vista sociolingüístico (para que entenda a responsabilidade que ten na promoción da lingua minorizada e que actúe con responsabilidade na elaboración dos Proxectos Lingüísticos de centro, sempre que estes pasen a ser documentos de uso real e non meros trámites burocráticos).
  - Realizar unha avaliación continua e continuada no tempo de todos os puntos que a Carta di que hai que revisar e controlar; isto pasa por presentar resultados sobre competencias e usos do alumnado e profesorado de todos os niveis educativos.
  - Enviarlle á sociedade mensaxes sobre a necesidade e a conveniencia de promoción do galego no ámbito educativo.
  - Desenvolver calquera actuación das anteriores baseándose en criterios pedagóxicos e non políticos.
- Respecto do artigo 9 (Xustiza), nin os xulgados nin os tribunais consultan as Partes ao inicio do procedemento en que lingua desexan estas que se desenvolvan as actuacións.
    - Non se atende a petición da Parte interesada que solicita expresamente que as actuacións se desenvolvan en galego. Depende da sensibilidade e voluntarismo de cada membro da Xudicatura, Fiscalía e demais funcionariado o respecto aos dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes nos tribunais. Por iso, son manifestamente conculcados acotío os dereitos de galegofalantes nas súas comparecencias fronte á Administración de Xustiza.
    - A lexislación vixente no Estado español impide garantir os dereitos lingüísticos da Carta na Administración de Xustiza, a prol da igualdade material. A cativa normativa estatal favorable ao uso do

galego non se acompaña de dotación orzamentaria, nin de medidas de seguimento e control do seu cumprimento. Fica nun plano de igualdade formal e teórica.

- Para garantir unha igualdade material son necesarios medios humanos e materiais que permitan o desenvolvemento das tarefas en galego, especialmente poñendo a disposición dos axentes intervinientes na Administración de Xustiza ferramentas tecnolóxicas e aplicacións informáticas en galego.
- Os cidadáns e cidadás residentes en Galicia ven vulnerado o seu dereito a un proceso xudicial en galego, e cando se observa este dereito, provócanse indebidamente dilacións.
- É intolerable, por inxusto, que o funcionariado que opta polo desempeño das súas funcións en galego vexa multiplicada a súa carga de traballo por non dispor das ferramentas axeitadas e de lexislación actualizada en galego.
- É inaceptable a marxinación do galego no ámbito da Administración de Xustiza, contribuíndo á desaparición desta lingua. Polo dito, neste ámbito (artigo 9 da Carta), considéranse urxentes as seguintes medidas:
  - Aplicación Minerva en galego. A Xunta de Galicia está a conculcar o artigo 9.2 da Constitución española, ao provocar unha desigualdade en detrimento das persoas galegofalantes.
  - Creación dunha base de lexislación en liña, actualizada e consolidada en galego, accesible para todos os operadores e operadoras xurídicos (xuíces, avogados, letrados da Administración, funcionarios, etc.).
  - Distribución en galego dos textos fundamentais e básicos por todos os xulgados.
  - Modificación do artigo 142 da Lei Axuízamento Civil e do artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial para que sexan as Partes as que decidan en que lingua se debe desenvolver o proceso.
- Respecto do artigo 10, a Administración periférica do Estado en Galicia non dispón na maior parte dos seus órganos da documentación máis habitual en galego. Tampouco as súas probas de acceso ou procesos de promoción interna garanten que os seus empregados e empregadas acrediten o coñecemento do galego. Existen casos relevantes de intento de denegación de axudas públicas porque algún documento do expediente figuraba en galego, acto que só foi corrixido despois dunha polémica pública.
  - As administracións galegas (autonómica e locais) cumpren os compromisos relacionados coa tramitación e documentación por escrito en galego. A atención oral en galego é máis irregular en todas as administracións.
  - Nos últimos tempos a proliferación de plataformas electrónicas nas que a Administración estatal obriga a publicar documentación administrativa ou convocatorias ten provocado que se obrigue ás administracións galegas a realizaren toda esa documentación administrativa en castelán (publicidade de contratos con relevancia europea, base de datos de subvencións, plataforma para o seguimento dos mecanismos de estabilidade orzamentaria...); isto ocasiona que nalgúns casos acabe sendo esta a única versión existente.
  - Os servizos públicos xestionados directamente pola Administración teñen unha atención en galego parcial, tanto por escrito como oralmente, sen que exista unha acción definida para corrixir esta práctica. O proceso crecente de privatización na xestión de servizos públicos (sanitarios, sociais, educativos) está provocando que a atención aos usuarios se realice case integramente en castelán, xa que a Administración non vivía na contratación dos servizos que se garantan os compromisos da Carta.
- A realidade galega tamén difire en boa medida do estipulado na Carta se o ámbito observado é o dos medios de comunicación (artigo 11), onde só se cumpre con normalidade a existencia de «polo menos, unha emisora de radio e unha canle de televisión» no idioma do que se trate. Non sucede así no que se refire á garantía de

«fomentar ou facilitar a creación e mantemento de, polo menos, un órgano de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias» e as políticas de recortes poñen en serio perigo a comprometida «asistencia financeira ás producións audiovisuais» en galego. Do mesmo xeito, na práctica tampouco existe a aposta por apoiar a formación de xornalistas e demais persoal para os medios de comunicación que empreguen o galego, aínda que o Estado se comprometeu a facelo. Polos motivos aducidos, respecto do artigo 11:

- Cómpre avanzar nunha lei de publicidade institucional que, obviamente, teña en conta a importancia do galego no sistema comunicativo e priorice esta lingua por riba do español.
  - É fundamental que esa lei sexa transparente e equitativa e que os medios en galego se poidan presentar en igualdade de condicións cos medios en español. Isto implica rachar con barreiras absurdas impostas polas convocatorias, como a obriga de ter edición impresa ou un cadro de cinco traballadores.
  - Para unha interpretación actualizada da Carta, no seu artigo 11, débese ter en conta a nova realidade dos medios e incluír un novo apartado relativo aos medios dixitais e ás redes sociais. É fundamental entender que, se o galego vive agora como lingua na comunicación, é grazas ao grande abano de medios dixitais nesta lingua.
- A propósito do artigo 12 (Actividades e servizos culturais), cómpre indicar que en Galicia existe unha serie de institucións encargadas da defensa, promoción e difusión da lingua e cultura galegas tanto dentro do territorio coma no exterior. Por outra banda, tendo en conta as características sociodemográficas galegas, a produción cultural en lingua galega é relativamente elevada. Agora ben, conséntase que o descenso do investimento público en políticas culturais ocorrido durante a crise económica tivo unha repercusión directa sobre o sector, da que aínda non se recuperou e que afectou á capacidade da Administración para dar resposta aos compromisos asinados na Carta.
    - O cine é un dos medios máis afectados polo proceso de globalización e de incorporación das novas tecnoloxías. Un contexto no que as grandes compañías audiovisuais marcan as dinámicas de mercado está provocando grandes dificultades para a distribución do audiovisual en linguas diferentes do inglés e poñendo en perigo a diversidade lingüística. Nese contexto necesítase unha política cultural a prol do galego no cine máis decidida que a existente ata o momento, pois a produción en lingua galega non chega a un terzo. Ademais, conséntase un déficit no subtítulado doutras linguas cara ao galego e do galego cara a outras linguas. De feito, o subtítulado no cinema galego está promovido fundamentalmente desde iniciativas locais.
    - Cómpre a elaboración dun proxecto estratéxico integral para a cultura onde a diversidade lingüística sexa un dos eixes principais, partindo das novas demandas da cultura coa dixitalización e a globalización como un dos retos fundamentais.
  - Respecto do artigo 13 (Vida económica e social), sinálanse os seguintes aspectos:
    - Durante estes últimos anos, o sistema bancario galego sufriu unha serie de drásticas transformacións que levaron á desaparición dunhas entidades, á fusión doutras e á incorporación das novas tecnoloxías nas súas formas de xestión; estas circunstancias están afectando negativamente ao emprego da lingua galega, especialmente a nivel escrito e de xestión a través da web e caixeiros.
    - A maioría do tecido industrial galego defínese como pequena e mediana empresa, que en moitos dos casos necesita servizos de asesoramento laboral e contable. No territorio galego resulta complicado atopar entidades intermedias que proporcionen a documentación en galego, moitas veces por non ter esta opción nos seus programas de xestión (ex. nóminas).
    - As notarías non consultan aos clientes en que lingua desexan realizar os trámites. Se os clientes esixen a redacción en galego, prodúcense atrasos na tramitación. A atención realízase, case exclusivamente, en castelán.

- Na sanidade galega existen dificultades para ser atendidos en galego, especialmente nos hospitais e nunhas áreas máis que noutras, xa que esta opción se deixa ao voluntarismo dos profesionais. Moitos e moitas profesionais argumentan que carecen da competencia suficiente para escribiren en galego, mais non se toman medidas para que todos estes profesionais poidan exercer en galego.
- Partindo da importancia do sistema farmacéutico como ligazón entre o paciente e o sistema de saúde, sinalase que tamén hai dificultades para que as persoas sexan atendidas en galego en determinados contextos.
- Son necesarias actuacións no ámbito da seguranza, pois hai determinados eidos onde as medidas de seguridade non están dispoñibles en lingua galega.
- Por todo o dito, cómpre:
  - A aplicación urxente das medidas recollidas no *Plan de Dinamización da Lingua Galega no Tecido Económico 2016-2020*, acompañada dunha avaliación que indique o grao de éxito do plan.
  - A intervención decidida no sistema de saúde (incluído o farmacéutico) con actuacións que teñan como finalidade unha atención preferente tanto oral coma escrita en galego, proporcionándolles aos profesionais a motivación e competencias necesarias para podela realizar.
  - Tomar as medidas necesarias para poñer a disposición das empresas, traballadores, consumidores e cidadáns o material de seguridade en lingua galega.
  - Fortalecer os Servizos de Normalización Lingüística de ámbito local para continuar o seu labor na dinamización lingüística no sector económico e nos servizos sociais.

## LEONÉS EN CASTELA E LEÓN

(José Ignacio Suárez García)

- Aínda que o leonés ten un importante recoñecemento no Estatuto de Autonomía dende 2007, as institucións de Castela e León non adoptaron medidas para a protección deste idioma, nin se ditou lei ningunha para a súa conservación, uso e promoción.
- O IV informe do Comité de Expertos recalca a nula promoción do leonés polas autoridades competentes e, ademais, lamenta que nin Castela e León nin o Estado español, garante último da aplicación do tratado, proporcionasen a información que se ten que transmitir cada tres anos para poder facer unha valoración do grao de cumprimento da Carta. O Consello de Europa convidou outra vez a que se tomasen medidas concretas e prácticas para facilitar e promover o uso do leonés na vida pública, así como a súa inclusión nos plans de estudo da comunidade autónoma.
- Polo sinalado, as propostas e prioridades máis urxentes para salvagardar o leonés son as seguintes:
  - Desenvolvemento legal dos artigos 5.2 e 5.3 do Estatuto de Autonomía de Castela e León, en consonancia cos obxectivos e principios que establece o artigo 7 da Carta, de tal xeito que leonés e galego teñan idéntico tratamento normativo e práctico, atendendo sempre ás singulares situacións sociolingüísticas de ambas as linguas na comunidade autónoma.
  - Creación dun órgano administrativo autonómico encargado dos labores de protección e promoción do leonés e do galego, a fin de fixar unha política de defensa de ambas as linguas coordinada, coherente, eficaz e con continuidade.
  - Promoción do leonés a partir do respecto ás variedades constitutivas da lingua e implicando os falantes patrimoniais e os habitantes das zonas onde se conserva no labor de recuperación lingüística, con campañas de recoñecemento, divulgación, revalorización e concienciación do patrimonio lingüístico, estimulando o contacto cultural dos falantes de leonés con outras zonas que teñan tamén esta lingua como patrimonial, aínda que estean fóra dos límites administrativos de Castela e León.



- Introducción do ensino do leonés dentro do sistema educativo de Castela e León, con carácter prioritario nas zonas onde a lingua se conserva e, de acordo coa demanda social, no resto das zonas. En todo caso, o ensino do leonés tería que estar presente na educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato.
- Recuperación da toponimia autóctona, facendo en primeiro lugar un inventario dos topónimos tradicionais maiores e menores, para posteriormente incluílos nos nomenclátors xeográficos e na rotulación.
- En política cultural, apoio á creación cultural e literaria en leonés; colaboración coas organizacións que, dende dentro da Comunidade Autónoma, dedican o seu labor á promoción do estudo e recuperación do leonés; fomento da presenza desta lingua nos medios de comunicación social e impulso aos estudos e investigacións sobre o leonés.

## **PORTUGUÉS EN ESTREMADURA**

**(Eduardo Naharro Macías Machado)**

- Sensibilización e concienciación da cidadanía do valor lingüístico e cultural do portugués. Ese traballo debe servir para avanzar na creación dunha sociedade que acepte como riqueza a súa singularidade.
- Creación dun banco de datos do portugués oliventino usando medios tecnolóxicos.
- Valorización do portugués oliventino con fins didácticos, educativos e culturais (elementos interpretativos, publicacións de contos populares, actividades interxeracionais cos anciáns e as escolas, premios literarios, etc.).
- Cómpre impulsar un Plan Estratéxico específico do portugués que camiñe cara a un bilingüismo real, en todos os ámbitos (escolas, cidadanía, institucións, etc.). O ideal é que as institucións pertinentes se conciencien de que a lingua portuguesa en Olivença non é unha lingua estranxeira senón unha lingua familiar con presenza histórica ben documentada; é dicir, cómpre combinar un plan específico para a comunidade educativa de Olivença con outro para a cidadanía. Este plan debe ser progresivo. Para pólo en marcha débese comezar por considerar a opción dunha disciplina avaliable en todos os centros que sexa ensinada, polo menos, co mesmo número de horas semanais que outra disciplina do mesmo nivel.
- A Asociación Cultural Além Guadiana propón ademais estudar a posibilidade de instaurar un intercambio dun ano lectivo completo co alumnado da veciña localidade de Elvas, que afectaría á vida escolar do alumno desde que finaliza a primaria e frecuenta a secundaria. Isto serviría tanto para reforzar os aspectos lingüísticos coma para propiciar certa inmersión no contexto cultural, histórico e cotián, alicerzando os vínculos entre familiares e entre veciños que tanto partillan. Tamén para o profesorado sería unha boa medida para enriquecer os seus coñecementos.
- Debido á nosa experiencia e con resultados positivos polas accións realizadas ata agora, Além Guadiana ofrécese como interlocutor para as posibles xestións que sexan necesarias entre as institucións a ambas as beiras do Guadiana.
- Ademais ponderamos que o Concello de Olivença, a través da Aula de Língua e Cultura Portuguesa da Universidade Popular, pode axudar a comunidade educativa con actividades culturais, que poden estar dirixidas á aproximación do contexto oliventino no ámbito da lusofonía.
- No que respecta á cidadanía e nese sentido, o Concello e a Universidade Popular deben desempeñar un papel fundamental no ensino do portugués a todas aquelas persoas que non poden acceder ao ensino obrigatorio.
- A Asociación Cultural Além Guadiana reconece que as institucións realizaron accións e actividades, porén considera que son insuficientes. Por iso, entende que non se está a cumprir o artigo 7 da Carta.

## VALENCIANO EN MURCIA

### (Antoni Mas i Miralles)

- As 9 persoas que cursan educación primaria na única escola unitaria situada na Cañada de Trigo (Yecla) non reciben ensino de valenciano. A pesar diso, continúanse as xestións coas autoridades murcianas para conseguir este obxectivo.
- Fóra do ensino regrado, a Universidade Popular de Yecla ofrece actualmente dous cursos de valenciano (B2 e C1) para a poboación en xeral. Estes cursos están subvencionados pola Acadèmia Valenciana de la Llengua a partir dun convenio co Concello de Yecla.
- Esta Acadèmia publicou en abril de 2017 un folleto que recolle toda a toponimia da zona do Carxe.
- Hai que resaltar as xestións realizadas por Anxo Navarro Sánchez por medio de publicacións ou propostas ao Goberno autonómico para que teña en consideración a declaración do valenciano na zona do Carxe como BIC inmaterial e a incorporación desta lingua no texto estatutario de Murcia.
- Grazas ás responsabilidades transfronteirizas entre comunidades que comparten unha mesma lingua, tal e como defende a Carta, a Generalitat Valenciana, por medio da Orde 65/2016, do 18 de outubro, inclúe por primeira vez nun texto xurídico a denominación do Carxe e a posibilidade de recibir subvencións para o fomento do valenciano.
- Con base nesta Orde, a Generalitat Valenciana financiará ao longo de 2017 algunhas actividades e concertos realizados en valenciano.
- A partir desta situación recoméndanse as medidas seguintes:
  - Ofrecer ensino de valenciano ao alumnado do Carxe.
  - Seguir mantendo a colaboración entre o Concello de Yecla e a Acadèmia Valenciana de la Llengua para ofrecer os cursos de valenciano.
  - Suxerir aos outros dous concellos do Carxe —Jumilla e Abanilla— para que, xunto coa colaboración da Acadèmia Valenciana de la Llengua, se poidan ofertar cursos de valenciano nas respectivas localidades.
  - Que as autoridades autonómicas murcianas declaren o valenciano no Carxe como BIC inmaterial, xa que dispoñen de recursos xurídicos para iso.
  - Así mesmo, que introduzan no texto do Estatuto autonómico o recoñecemento do valenciano falado en parte da súa rexión.
  - Que os gobernos autonómicos murciano e valenciano establezan relacións para manter as axudas e subvencións ao fomento do valenciano no Carxe.

## VALENCIANO EN PAÍS VALENCIANO

### (Adrià Martí-Badía, Lluís B. Polanco Roig)

- O grao de cumprimento da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias na Comunidade Autónoma Valenciana debe ser avaliado no marco constitucional e estatutario dun modelo ‘mixto’ de regulación dos dereitos e usos lingüísticos, que promove un monolingüismo practicamente total das institucións centrais do Estado (incluídos medios de comunicación, etc.) e pon serias trabas á superación do simple recoñecemento duns dereitos lingüísticos case exclusivamente persoais na lingua propia minoritaria dentro do seu territorio.
- A interpretación e aplicación restritiva deste modelo (de forma máis sistemática por parte do Estado e frecuentemente por algúns gobernos autonómicos) impediu e continúa obstaculizando non só o cumprimento de parte dos artigos da Carta, senón a consolidación (no plano simbólico e nos usos efectivos) dun modelo de

estado integrativo, plurilingüe e pluricultural, baseado no recoñecemento dun status decididamente prioritario das linguas minoritarias nos seus territorios que asegure unhas dinámicas de recuperación (fronte ás dinámicas de regresión impostas historicamente) e a consolidación xeral do seu uso e coñecemento e, a medio e longo prazo, a plena preservación e expansión das respectivas comunidades lingüísticas.

- A ausencia dunha territorialización decidida da lingua propia (e de políticas consistentes e integradas de xeneralización do seu coñecemento e uso en todos os ámbitos) deu como resultado a consolidación dunha situación altamente precaria (graos preocupantes de substitución lingüística, falta de integración lingüística de novos residentes, desequilibrio flagrante no coñecemento oral e escrito –receptivo e sobre todo activo– das dúas linguas oficiais entre a poboación, falta de servizos e ámbitos de uso esenciais do idioma propio, etc.) que, polo menos nestas coordenadas actuais, pon seriamente en cuestión o simple mantemento pleno e a consolidación da comunidade lingüística no futuro.
- En relación co cumprimento da Carta, hai que diferenciar dúas etapas, separadas pola substitución política no Goberno autonómico e en gran cantidade de municipios en xuño de 2015. Na primeira etapa, tal como xa se advertía no último informe do Comité de Expertos (correspondente ao período 2010-2013), pódense detectar diversos incumprimentos ou cumprimentos parciais; na actual etapa parecen observarse máis cumprimentos parciais, á parte dalgunhas medidas que permiten prever un aumento a medio prazo dos cumprimentos totais e parciais.
- Con respecto ao artigo 8, entre os reiterados incumprimentos na primeira etapa (2014-2015) cabe destacar a aprobación e a aplicación do Decreto 127/2012, do 3 de agosto, do Goberno valenciano, polo que se regulaba a educación trilingüe na educación non universitaria, mediante o cal se pretendía estender a presenza no sistema educativo dunha (ou máis) linguas estranxeiras (fundamentalmente o inglés) en detrimento do ensino da lingua propia, cuxo coñecemento (tanto oral como escrito) non queda garantido en absoluto coa presenza actual no sistema educativo, como demostraron as máis recentes enquisas e censos lingüísticos. Para agudizar a denunciada falta de cumprimento procedeuse en numerosos casos á supresión de unidades educativas (grupos) de centros de ensino públicos que tiñan o valenciano como lingua vehicular.
  - Na etapa máis recente, en cambio, hai que destacar a aprobación do Decreto 9/2017, do 27 de xaneiro, polo que se establece o modelo lingüístico educativo valenciano e se regula a aplicación aos ensinos non universitarios. Segundo esta norma, establécese un único Programa de Educación Plurilingüe Dinámico (PEPD) con seis niveles posibles (máis plurilingües canto máis alto é o nivel) escollidos polos Consellos Escolares de cada centro educativo. Os dous niveis máis elevados (Avanzado 1 e Avanzado 2) son os que garanten que o alumnado alcance un dominio equilibrado das dúas linguas oficiais (castelán e valenciano) e un dominio aceptable de inglés. Por tanto, se os centros educativos elixen progresar nos niveis avanzados, o número de alumnado plurilingüe será maior que co anterior Decreto, sen que o ensino plurilingüe cause prexuízo ao ensino en valenciano (nin tampouco detrimento no coñecemento do castelán). Con todo, o Tribunal Superior de Xustiza de la Comunitat Valenciana (TSJCV) suspendeu preventivamente a aplicación do citado Decreto 9/2017, feito que obstaculiza a aplicación deste no próximo curso escolar (2017/2018).
  - Un paso importante na ordenación do ensino do idioma propio fóra do sistema educativo regular constitúe a equiparación dos títulos oficiais de coñecementos (a cargo da Junta Qualificadora de Coneixements de Valencià) cos niveis do Marco común europeo de referencia e a homologación coas titulacións do resto do dominio lingüístico valenciano-catalán (Orde 7/2017, do 2 de marzo, da Conselleria d'Educació, Investigació, Cultura i Esport).
- No ámbito da xustiza (artigo 9), ao igual que acontece no resto de comunidades autónomas con lingua propia, continúa manténdose a contradición entre os preceptos da Carta (art. 9.1.a.i, b.i, c.i) e a lexislación española (en concreto a Lei Orgánica do Poder Xudicial, art. 231), que impide levar un procedemento xudicial na lingua minoritaria, se unha das Partes o require, tal como denunciaba o IV Informe do Comité de Expertos (2010-2013).
  - Non se dispón de datos suficientes sobre o coñecemento da lingua propia (oral e escrita, e especialmente nos rexistros xurídicos) tanto entre o persoal da Administración de Xustiza como entre os operadores xudiciais (xuíces e maxistrados, fiscais, letrados, avogados, procuradores, etc.), nin tampouco de datos

precisos sobre o uso real da lingua na Administración de Xustiza, en todo caso ínfimos ou practicamente nulos.

- Semella evidente que, aínda que formalmente parecen respectarse os dereitos de expresión e comunicación en valenciano ante e desde as institucións xudiciais (sempre a instancia dunha das Partes, xa que a Lei Orgánica do Poder Xudicial e o resto do desenvolvemento lexislativo impoñen o uso por defecto da lingua española), persisten entre a cidadanía potentes elementos disuasorios destes usos (ou da súa reclamación): a percepción de indefensión, de falta de atención directa ou receptividade polos operadores xurídicos, de dilación sobrevinda dos procedementos (nalgúns casos denunciados en forma de ameaza directa), sen esquecer os coñecidos hábitos diglósicos que se contribúe a fomentar.
- A actual Administración autonómica, na medida en que dispón de competencias transferidas na xestión da Administración de Xustiza, iniciou novos proxectos (que ata agora eran mínimos) de ampliación da formación e do asesoramento lingüístico dos funcionarios xudiciais ou de preparación e sensibilización de futuros xuristas. Con todo, dada a organización centralizada e xerarquizada do poder xudicial español, ten escasa capacidade para garantir que os principais operadores xudiciais (e moi particularmente a xudicatura) accedan aos seus postos (mediante unha formación e selección adecuadas) cunha competencia suficiente da lingua propia, e en todo caso das dúas linguas oficiais dos administrados.
- En relación cos usos lingüísticos por parte das autoridades administrativas e servizos públicos (artigo 10), detéctanse diferenzas importantes entre administracións, e aínda dentro delas entre distintos tipos de servizos e áreas xeográficas na comunidade autónoma.
  - A Administración do Estado na comunidade autónoma (art. 10.1) acumula unha gran parte de incidentes por violación de dereitos lingüísticos, que revelan baleiros importantes de respecto ás necesidades da poboación, á lexislación vixente (Estatuto de Autonomía e Lei de Uso e Ensino do Valenciano) e, en definitiva, aos compromisos contraídos na Carta. Nese sentido, a reiteración e a gravidade das numerosas reclamacións, consignadas nos informes anuais do Síndic de Greuges (Defensor do Pobo) autonómico ás Cortes Valencianas, documentadas por diversas ONG (Escola Valenciana, Plataforma per a Llengua, ELEN, etc.), ou amplamente publicitadas nos medios de comunicación (con consecuencias procesuais varios casos), obrigaron á protesta e intervención da Administración autonómica ante os representantes do Estado na comunidade autónoma.
  - Iso non obsta para que desde hai anos a dita Administración procedese parcialmente á formación na lingua propia do territorio do funcionariado civil con atención ao público (e, en menor medida, dos corpos de seguridade) e que irregularmente se ofrezan á cidadanía impresos ou páxinas web na lingua cooficial, aínda que a miúdo a presenza do idioma propio é só moi parcial (encabezamentos, pantallas iniciais das webs oficiais, etc.). O mesmo cómpre dicir dalgúns servizos da Administración central do Estado (ministerios ou axencias estatais) ofrecidos a través de Internet.
  - Con respecto á Administración autonómica (art. 10.2), constátase unha maior regularidade na presenza da lingua propia (xunto co castelán) en impresos dirixidos á cidadanía e na formación lingüística e a atención ao público do funcionariado, aínda que se detectan importantes lagoas e grandes diferenzas segundo departamentos e aínda zonas xeográficas. Como demostra a recente *Enquesta 2016. Ús del valencià en l'Administració de la Generalitat*, a lingua propia está lonxe de ser a lingua xeral e habitual da Administración valenciana, como suxire a Carta (art. 10.2.a).
  - Co fin de emendar os devanditos desequilibrios, e tanto para asegurar un uso xeneralizado do idioma propio como lingua de traballo interna na Administración autonómica (obxectivo aínda afastado en moitas áreas) coma para garantir en todos os casos o servizo á cidadanía nos dous idiomas oficiais (cumprindo o art. 10.2.a da Carta), o Goberno autónomo aprobou recentemente o Decreto 61/2017, de regulación dos usos institucionais e administrativos das linguas oficiais, que xeneraliza o uso interno do idioma propio, facilitando a opción da cidadanía por el ante calquera funcionario (art. 16 do Decreto) ou impulsando o seu uso polos cargos institucionais. Igualmente está en proxecto a regulación do coñecemento xeneralizado das dúas linguas oficiais por parte de todo o funcionariado autonómico a través dunha próxima Lei de ocupación pública da Comunidade Valenciana. Como apoio ao coñecemento

e uso do idioma entre o funcionariado, o Goberno autónomo puxo en marcha o chamado «Plan de acompañamiento lingüístico al personal de la Administración de la Generalitat», presentado en maio de 2017.

- Como se indica no anterior informe, gran parte destas características desiguais (segundo institucións ou áreas xeográficas) son compartidas polas administracións locais: en maior ou menor grao a lingua propia utilízase na documentación interna e nos plenos municipais, e nos escritos ou impresos recibidos ou dirixidos aos administrados (art. 10.2.a, b, f). Agora ben, de momento non se dispón de novos datos concretos, nin se propuxeron actuacións xerais para unha mellora destas situacións. Só no concernente á toponimia, os datos confirman que no período 2014-16 se recuperou a forma valenciana en 13 topónimos, de maneira que, dos 395 municipios da zona catalanfalante, 327 teñen o nome oficial en valenciano, 34 bilingüe e 34 en castelán.
- Mención á parte merecen os servizos públicos prestados ou garantidos polas administracións, e en particular os de saúde (art. 10.3.a), onde a ausencia dunha preparación lingüística (a miúdo nin sequera mínima) de parte do persoal e dunha sensibilización sobre a realidade plurilingüe dos administrados ocasionou numerosos incidentes (falta de atención médica, malos tratos verbais, etc.), sinalados por diversas institucións e os medios de comunicación.
- Tras a maioría ou unha gran parte das deficiencias detectadas nas administracións subxace a falta dunhas políticas definidas e xerais de recrutamento do funcionariado público (ou de formación do xa existente) que garantan un dominio non só adecuado senón equiparable das dúas linguas oficiais do territorio (art. 10.4.b), carencia debida tanto á ausencia dunha vontade política definida no territorio autónomo coma a trabas legais a nivel estatal ou a outras causas de tipo laboral. Ante estas dificultades, foron expostas varias medidas simplemente paliativas: desenvolveuse software especializado na tradución (particularmente o programa SALT), do que se detectou frecuentemente un uso abusivo e pouco competente; desenvolvéronse de forma hipertrófica equipos competentes de tradución e corrección que, á parte da súa eficiente actuación, a miúdo teñen como función derivada maquillar os déficits de base citados (art. 10.4.a).
- Con respecto aos medios de comunicación (artigo 11), segue aínda vixente a ausencia total de emisións de radio e televisión na lingua propia en todo o territorio valenciano, denunciada polo anterior IV Informe (2010-2013) do Comité de Expertos (art. 11.1.a.i), tras o peche (novembro de 2013) de todas as canles públicas de radio e televisión xestionados pola entidade Radiotelevisión Valenciana SAU (Lei 4/2013). O prexuízo causado por esta falta de presenza pública do idioma é inmenso, tanto pola ausencia de referentes culturais compartidos coma pola perda de competencia dos falantes nos modelos cultos públicos do idioma, ou pola desaparición de gran parte do sector audiovisual valenciano.
  - A iso hai que engadir a persistente política de obstrución total (a cargo de diversos gobernos autonómicos) da recepción doutras canles no mesmo idioma (contravindo de forma flagrante os artigos 7.1.e e 14.b da Carta). Como resultado, en febreiro de 2011 cesaron as reemisións en territorio valenciano das 4 canles da televisión pública de Cataluña (TV3, C33, 3/24 e 300) e, en xaneiro de 2014, as da canle de radio Catalunya Ràdio, tras 26 e 27 anos de recepción, respectivamente, facilitada por repetidores instalados por iniciativa popular. Un «Principio de Acuerdo», aprobado polas Cortes Valencianas en xuño de 2013, para permitir a reciprocidade de canles de TV valencianas e catalás (e eventualmente baleares), está polo momento en suspenso (ante a ausencia de emisións valencianas e pola falta de concesión dun novo «múltiple dixital»).
  - A pesar diso, a ampla reclamación social duns medios de comunicación públicos en valenciano levou á aprobación dunha nova Lei 6/2016, do Servizo Público de Radiodifusión e Televisión de Ámbito Autonómico, que permite a creación dunha nova Corporación Valenciana de Medios de Comunicación (CVMC) e establece que o valenciano «será a lingua vehicular dos medios públicos que dependan da Generalitat Valenciana» (art. 5.n). O actual desenvolvemento da lei e os modelos de contratación de persoal e de produtos tentan garantir, segundo as fontes consultadas, o cumprimento destes obxectivos de presenza xeneralizada da lingua propia, en liña coas expectativas de gran parte da cidadanía, de acordo con todas as enquisas. Con todo, o inicio das novas emisións de radio e TV non foi aínda fixado.

- En canto a canles de radio e televisión de ámbito local ou comarcal (art. 11.1.b.i, c.i), de menor repercusión social, fronte á caótica situación anterior (indicada no Informe correspondente ao período 2010-2013), cun cumprimento irregular (frecuentemente mínimo ou nulo) das esixencias de presenza do idioma propio, foi aprobado un novo Decreto 4/2017, que regula «os servizos e o Rexistro de Prestadores de Comunicación Audiovisual», establece uns mínimos de emisión na lingua propia (70 % na zona valencianofalante) e fixa como criterio de valoración para as concesións o número de horas propostas no devandito idioma. En canto ás licenzas a canles privadas, en 2016 adxudicáronse 40 canles de televisión en todo o territorio (2 de ámbito autonómico valenciano, e o resto en 18 demarcacións territoriais, entre elas a cidade de Valencia con 2 canles) e, respecto da radio, tras as irregularidades que impediron a adxudicación das concesións en 2007 e 2011, durante 2017 poderían quedar adxudicadas as novas licenzas radiofónicas de acordo cos novos criterios do Decreto 4/2017.
- É mester sinalar a ausencia de mecanismos autonómicos de control e supervisión do grao de presenza (e mesmo de calidade) da lingua nos medios e, en definitiva, do cumprimento dos requisitos legais, tanto nas canles privadas de radio e TV como nas futuras canles públicas. Non parece desatinado propoñer que nos futuros informes se teña en conta a previsión destas avaliacións oficiais periódicas.
- En relación coa prensa escrita, continúa sen existir ningún xornal diario impreso de ámbito xeral valenciano exclusivamente (ou predominantemente) na lingua propia. Reciben apoio institucional en forma de subvencións algunhas revistas impresas de periodicidade semanal ou mensual (con difusión escasa ou variable), diarios dixitais totalmente ou parcialmente na lingua propia (ou versións dixitais en valenciano de periódicos diarios impresos de información xeral, así como suplementos culturais ou rexionais en xornais impresos de ámbito autonómico ou mesmo estatal). Nalgúns casos criticouse especialmente a pésima calidade idiomática das versións en valenciano, especialmente as de edición dixital. Cabería contemplar a necesidade dunha avaliación periódica da efectividade (cuantitativa e cualitativa, e en relación con diversos parámetros sociais) das axudas de promoción á prensa escrita (tanto ao nivel autonómico coma en relación coa Carta), que permitisen reorientar futuras políticas.
- Os ínfimos niveis de lectura (de prensa e en xeral) no territorio, as profundas transformacións da prensa no momento actual e a aínda deficiente extensión do coñecemento do idioma escrito reclaman estratexias contundentes e innovadoras de apoio a este sector no idioma propio, que quizais deberían tamén ser avaliadas (mesmo en relación co cumprimento da Carta) no futuro.
- Sobre o artigo 12 (Actividades e equipamentos culturais), na primeira etapa, caracterizada por incumprimentos, cumprimentos parciais ou falta de información facilitada ao Consello de Europa, gran parte dos compromisos recollidos na Carta deberon ser garantidos por organizacións non gobernamentais —como Escola Valenciana— e por entidades e institucións —tales como a Universitat de València, a Universitat d'Alacant, a Universitat Jaume I, a Acadèmia Valenciana de la Llengua e algúns concellos.
  - Na segunda etapa acadáronse compromisos máis amplos, sobre todo a partir do drástico aumento do investimento en política lingüística (un 97 % en comparación cos orzamentos da Generalitat Valenciana dos anos 2015 e 2016): 13,2 millóns de euros para a Direcció General de Política Lingüística i Gestió del Multilingüisme, entre as partidas da cal se inclúen diferentes subvencións para a tradución e publicación de obras en valenciano, ou a promoción de servizos de tradución e de investigación terminolóxica. En relación co estímulo do uso da lingua propia na vida social, económica e o consumo, o Goberno valenciano anunciou, entre outras medidas, a aplicación de beneficios fiscais para as empresas que contén co «selo de calidade lingüística», que valorará o uso das diferentes linguas oficiais e estranxeiras.
- Séguense producindo vulneracións dos dereitos lingüísticos na vida económica e social (artigo 13), tanto no ámbito do comercio ou o consumo directo coma nos novos servizos telefónicos ou en rede das grandes compañías de ámbito estatal ou internacional, privadas ou paraoficiais. A gravidade e frecuencia destes feitos, ocasionalmente denunciadas por ONG (Escola Valenciana, Plataforma per la Llengua, ELEN, etc.) e amplamente publicitadas nos medios de comunicación, demostran a necesidade dunha nova Lei de Normalización Lingüística (ou de Igualdade Lingüística) que teña en conta a evolución tecnolóxica e de hábitos de consumo nas últimas décadas, ampare eficazmente o uso da lingua propia en ámbitos moito máis amplos e protexa os

usuarios, se é necesario con algún tipo de sanción, fronte a estas violacións de dereitos, circunstancias todas elas non previstas na vixente Lei 4/1983, do 23 de novembro, de Uso e Ensino do Valenciano.

- Por todo iso, é absolutamente necesario que se sigan realizando esforzos importantes e urxentes para cumprir cos compromisos da Carta e que as medidas adoptadas polas administracións nas etapas máis recentes non se vexan en perigo ou alteradas negativamente como consecuencia dos cambios eventuais nos gobernos das diferentes administracións públicas.

Estas conclusións foron asinadas polos participantes neste foro:

- Adrià Martí-Badia
- Alba Nogueira López
- Anchel Reyes
- Antoni Mas i Miralles
- Carlos Pulgar García
- Carlos Xesús Varela Aenlle
- Eduardo Javier Ruiz Vieytez
- Eduardo Machado
- Eva Pons
- F. Xavier Vila i Moreno
- Francesc Xavier Lamuela
- Francisco Moscoso
- Garbiñe Petriati
- Héctor M. Silveiro Fernández
- Javier Giralt Latorre
- Joan Bernat
- Joan Melià
- José Ignacio Suárez García
- Juan F. Gamella
- Lluís B. Polanco Roig
- Maria Verges Pérez
- Tamara Flores
- Valentina Formoso
- Xaquín Loredo
- Xurxo Salgado

Santiago de Compostela, 2017

